

E.16

# BIENAL DE PINTURA BALCONADAS CONVOCATORIA

EDICIÓN\_16

AÑO/AÑO\_18

SÉCULO/SIGLO\_21

ADMISIÓN OBRAS\_DO/DEL 1 AO/AL 30

DE XUÑO/JUNIO DE 2018

A.18

[www.betanzos.gal](http://www.betanzos.gal)



Balconadas é unha idea orixinal do artista Jesús Núñez. É levar a arte á rúa. É cambiar a galería de arte polo balcón. É pasear polas rúas do Centro histórico de Betanzos e gozar das obras de arte que colgan dos balcóns da cidade.

Balconadas es una idea original del artista Jesús Núñez. Es llevar el arte a la calle. Es cambiar la galería de arte por el balcón. Es pasear por las calles del Casco Histórico de Betanzos y disfrutar de las obras de arte que cuelgan de los balcones de la ciudad.

BETANZOS  
cerca



Concello de  
Betanzos

BS?

# E.16

# BIENAL DE PINTURA BALCONADAS BASES

# A.18

## BASES/GAL

O Excmo. Concello de Betanzos convoca a XVI Bienal de Pintura Balconadas de acordo con as seguintes bases:

**PRIMEIRA/** Poderán participar todos os artistas maiores de idade de calquera nacionalidade que non obtivesen ningún premio nas dúas edicións anteriores e con obras que non fosen presentadas anteriormente a ningún outro concurso ou certame.

**SEGUNDA/** Establécense os seguintes premios:

**PRIMEIRO PREMIO INDIVISIBLE,** dotado con 5000 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

**DOUS ACCÉSITS** dotados cada un deles con 1500 euros. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios adxudícanse ás obras, de maneira que se estas son realizadas en grupo, o premio aboarase a un representante designado polos demais membros, ou ao colectivo sempre que este teña entidade xurídica, así o pagamento dos premios realizarase na conta a nome dunha única persoa beneficiaria. O Concello de Betanzos poderá publicar ou expor estes traballos premiados que quedarán na súa propiedade. O xurado terá o poder de outorgar ata tres Mencións de Honra se o estima oportuno, as cales non levarán asociado ningún premio económico, mais si un diploma acreditativo. O xurado valorará a adecuación da obra ao seu contorno expositivo pola súa técnica, temática e orixinalidade.

**TERCEIRA/** Cada artista poderá presentar unha soa obra para a súa selección con técnica e temática libre. As obras presentaranse sen enmarcar, sen bastidores, barras, etc., levando ao dorso o nome e apelidos do/a

autor/a, enderezo, título da obra e ano de realización. A realización pode ser vertical ou horizontal, cunhas medidas mínimas de 120x160 cm e máximas de 150x250 cm. Terán un soporte flexible (lenzo, estopa, loneta, plástico, etc.) sen partes rixidas que poidan cuartearse ou desprenderse coa acción do vento e utilizando produtos inalterables á acción da auga. O artista deberá indicar cunha frecha cal é a parte superior da obra para facilitar á organización o seu colgado.

Xunto coa obra presentada achegarase a seguinte documentación, e poderá non admitirse a obra que non a achegue:

Folla de inscrición cuberta, fotocopia do DNI (ou documento que o substitúa para artistas estranxeiros) e nunha folla a ficha técnica da obra e currículo que non exceda dunha folla tamaño DIN A-4 por unha cara.

**CUARTA/** O prazo de admisión de orixinais será do 1 ao 30 de xuño de 2018, en horario de 10:00 h a 13:00 h e de 18:00 h a 20:30 h os días laborables.

O envío realizarase a portes pagados ao seguinte enderezo:

XVI Bienal Balconadas  
Edificio Liceo, Praza de Galicia s/n  
15300 Betanzos, A Coruña, España

**QUINTA/** O xurado, composto por distintas personalidades do mundo da arte, será nomeado polo alcalde de Betanzos, actuando como secretario o funcionario designado para ese efecto. A súa composición farase pública con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)).

O xurado que fallará o premio e os correspondentes accésits, non poderá decláralos desertos, actuará en pleno, en sesión se é posible única, e será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas estenderase a acta correspondente. A súa decisión, que será inapelable, darase a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web deste.

Coas obras premiadas e seleccionadas realizarase un catálogo. Os autores das obras autorizan ao Concello de Betanzos, e cédelle os dereitos correspondentes para poder dispor da reprodución fotográfica destas, coa finalidade de que as poida incorporar ao citado catálogo, á páxina web municipal para os efectos da súa transmisión vía Internet, e a calquera outro soporte. O Concello de Betanzos comprométese a incluír, xunto á reprodución da obra, o nome e apelidos do/a autor/a.

**SEXTA/** As obras estarán expostas do 20 de xullo ao 28 de agosto nos balcóns das rúas de Betanzos. A Dirección da Bienal resérvase a decisión de aumentar o tempo de exposición. A entrega de premios será o 13 de agosto.

**SÉTIMA/** A retirada de obras por parte do/a autor/a será do 1 ao 15 de setembro no seguinte enderezo: Edificio Liceo, Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña, España, en horario de 10:00 h a 13:00 h e de 18:00 h a 20:30 h os días laborables.

A partir desta data devolverase a portes debidos, por mensaxería. Os envíos procedentes do estranxeiro, deberán vir acompañados de "cupóns de resposta internacional de correos", que cubran a totalidade de gastos de envío. No caso de que as obras non estean acompañadas dos cupóns sinalados no parágrafo anterior, entenderase que os autores renuncian á propiedade destas.

**OITAVA/** O Concello de Betanzos non se fai responsable da deterioración, extravío, roubo, etc das obras motivada pola exposición das obras nos balcóns da cidade á intemperie.

**NOVENA/** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases, que serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, así como no Boletín Oficial da Provincia.

Para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, comunicárase a presente convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que publicará un extracto da mesma no diario oficial correspondente.

BETANZOS  
cerca



Concello de  
Betanzos

# E.16

# BIENAL DE PINTURA BALCONADAS BASES

# A.18

## BASES/ES

El Excmo. Ayuntamiento de Betanzos convoca la XVI Bienal de Pintura Balconadas de acuerdo a las siguientes bases:

**PRIMERA/** Podrán participar todos los artistas mayores de edad de cualquier nacionalidad que no hayan obtenido ningún premio en las dos ediciones anteriores y con obras que no hayan sido presentadas anteriormente a ningún otro concurso o certamen.

**SEGUNDA/** Se establecen los siguientes premios:

**PRIMER PREMIO INDIVISIBLE,** dotado con 5.000 €. Esta cantidad está sujeta a las retenciones legales que le sean aplicables.

**DOS ACCÉSITS** dotados cada uno de ellos con 1.500 €. Esta cantidad está sujeta a las retenciones legales que le sean aplicables.

Los premios se adjudican a las obras, de manera que si éstas son realizadas en grupo, el premio se abonará a un representante designado por los demás miembros, o al colectivo siempre que éste tenga entidad jurídica, así los pagos de los premios se realizarán en la cuenta a nombre de un único beneficiario. El Ayuntamiento de Betanzos podrá publicar o exponer estos trabajos premiados que quedarán en su propiedad. El jurado tendrá el poder de otorgar hasta tres Menciones de Honor si lo estima oportuno, las cuales no llevarán asociado ningún premio económico, pero sí un diploma acreditativo. El jurado valorará la adecuación de la obra a su entorno expositivo por su técnica, temática y originalidad.

**TERCERA/** Cada artista podrá presentar una sola obra para su selección con técnica y temática libre. Las obras se presentarán sin enmarcar, sin bastidores, barras, etc., llevando al dorso el nombre y apellidos del autor,

dirección, título de la obra y año de realización. La realización puede ser vertical u horizontal, con unas medidas mínimas de 120x160 cm. y máximas de 150x250 cm. Tendrán un soporte flexible (lienzo, arpillera, loneta, plástico, etc.) sin partes rígidas que puedan cuartearse o desprenderse con la acción del viento y utilizando productos inalterables a la acción del agua. El artista deberá indicar con una flecha cual es la parte superior de la obra para facilitar a la organización su colgado.

A la obra presentada se adjuntará la siguiente documentación, pudiendo darse por no admitida la obra que no se acompañe de la misma: Hoja de inscripción cumplimentada, fotocopia del DNI (o documento que lo sustituya para artistas extranjeros) y en una hoja la ficha técnica de la obra y currículum que no exceda de una hoja tamaño DIN A-4 por una cara.

**CUARTA/** El plazo de admisión de originales será del 1 al 30 de junio de 2018, en horario de 10:00 h a 13:00 h y de 18:00 h a 20:30 h los días laborables.

El envío se realizará a portes pagados a la siguiente dirección:  
XVI Bienal Balconadas  
Edificio Liceo, Plaza de Galicia s/n  
15300 Betanzos, A Coruña, España

**QUINTA/** El jurado, compuesto por distintas personalidades del mundo del arte, será nombrado por el alcalde de Betanzos, actuando como secretario el funcionario designado a tal efecto. Su composición se hará pública con anterioridad a su reunión, en el tablón de anuncios y en la página web del Ayuntamiento ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)).

El jurado que fallará el premio y los correspondientes accésits, no pudiendo declararlos desiertos, actuará en pleno, en sesión a ser posible única, siendo necesaria la asistencia de dos tercios de sus miembros.

Las deliberaciones serán secretas y de ellas se extenderá el acta correspondiente. Su decisión, que será inapelable, se dará a conocer en el tablón de anuncios del Ayuntamiento y en la página web del mismo.

Con las obras premiadas y seleccionadas se realizará un catálogo. Así los autores de las obras autorizan al Ayuntamiento de Betanzos, cediéndole los derechos correspondientes para poder disponer de la reproducción fotográfica de éstas, con la finalidad de que las pueda incorporar al citado catálogo, a la página web municipal a los efectos de su transmisión vía Internet, y a cualquier otro soporte. Por su parte el Ayuntamiento de Betanzos se compromete a incluir, junto a la reproducción de la obra, el nombre y apellidos de su autor/a.

**SEXTA/** Las obras estarán expuestas del 20 de julio al 28 de agosto en los balcones de las calles de Betanzos, reservándose la Dirección de la Bienal la decisión de aumentar el tiempo de exposición. La entrega de premios será el 13 de agosto.

**SÉPTIMA/** La retirada de obras, por parte de su autor/a, será del 1 al 15 de septiembre, en la siguiente dirección: Edificio Liceo, Plaza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña, España; en horario de 10:00 h a 13:00 h y de 18:00 h a 20:30 h los días laborables.

A partir de esta fecha se procederá a su devolución a portes debidos, por mensajería. Los envíos procedentes del extranjero, deberán venir acompañados de "cupones de respuesta internacional de correos", que cubran la totalidad de gastos de envío. En caso de que las obras no estén acompañadas de los cupones señalados en el párrafo anterior, se entenderá que los autores renuncian a la propiedad de las mismas.

**OCTAVA/** Por exponerse las obras en los balcones de la ciudad y a la intemperie, el Ayuntamiento de Betanzos no se hace responsable del deterioro, extravío, robo, etc., de las mismas.

**NOVENA/** La participación en esta convocatoria supone la total aceptación de las presentes bases, que serán publicadas en el tablón de anuncios y en la página web del Ayuntamiento, así como en el Boletín Oficial de la Provincia.

Para garantizar el derecho de la ciudadanía a conocer todas las subvenciones convocadas en cada momento y para contribuir a los principios de publicidad y transparencia, se comunicará la presente convocatoria a la Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará un extracto de la misma en el diario oficial correspondiente.

BETANZOS  
cerca



Concello de  
Betanzos

# IMPORTANTE

Adxunta a túa obra a ficha de inscrición cumprimentada e asinada con copia de DNI/NIE  
Adjunta a tu obra la ficha de inscripción cumplimentada y firmada con copia de DNI/NIE



# INSCRIPCIÓN INSCRIPCIÓN

Folla de inscrición/hoja de inscripción \_XVI BIENAL DE PINTURA BALCONADAS\_ VERAN/VERANO 2018

NOME/NOMBRE:

APELIDOS/APELLIDOS:

NIF/NIE:

TELÉFONO:

ENDEREZO/DIRECCIÓN:

C.P.:

CIDADE/CIUDAD:

PAÍS:

ENDEREZO ELECTRÓNICO/CORREO ELECTRÓNICO:

TÍTULO OBRA:

EXPOÑO: Que cumpro os requisitos e quero participar na XVI Bienal de Pintura Balconadas que organiza o Concello de Betanzos. Que achego os datos solicitados na base terceira e unha fotocopia do DNI ou documento substitutivo. Que coñezo e acepto as bases destes premios. POR ISO, SOLICITO: Participar na XVI Bienal de Pintura Balconadas do Concello de Betanzos. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA: Fotocopia do DNI ou documento substitutivo.

ESPONGO: Que cumpro los requisitos y quiero participar en la XVI Bienal de Pintura Balconadas que organiza el Ayuntamiento de Betanzos. Que adjunto los datos solicitados en la base tercera y una fotocopia del DNI o documento substitutivo. Que conozco y acepto las bases de estos premios. POR ESO, SOLICITO: Participar en la XVI Bienal de Pintura Balconadas del Ayuntamiento de Betanzos. DOCUMENTACIÓN QUE SE ADJUNTA: Fotocopia del DNI o documento substitutivo.

LUGAR:

DATA/FECHA:

SINATURA/FIRMA:

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos de carácter persoal que nos facilitou serán obxecto de tratamento nos ficheiros de responsabilidade do Concello de Betanzos. A finalidade do tratamento é atender adecuadamente a súa solicitude. Os datos solicitados a través desta comunicación son necesarios, adecuados, pertinentes e non excesivos para a prestación do servizo. A negativa a facilitar os datos facilitados supón a imposibilidade de prestarlle o servizo. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de conformidade co establecido na Lei 15/1999, a través do Rexistro xeral do Concello de Betanzos ou do teléfono 34 981 770 011 e do fax 34 981 776 529. / De conformidade con lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informamos que los datos de carácter personal que nos facilitó serán objeto de tratamiento en los ficheros de responsabilidad del Ayuntamiento de Betanzos. La finalidad del tratamiento es atender adecuadamente su solicitud. Los datos solicitados a través de esta comunicación son necesarios, adecuados, pertinentes y no excesivos para la prestación del servicio. La negativa a facilitar los datos facilitados supone la imposibilidad de prestarle el servicio. Puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición de conformidad con el establecido en la Ley 15/1999, a través del Registro general del Ayuntamiento de Betanzos o del teléfono 34 981 770 011 y del fax 34 981 776 529.



Concello de Betanzos